




I RAID CONCELLO DE RIBADEO
N43°31'56.96" O7°5'56.87"
2 DE MARZO DE 2024

ORGANIZAN:



INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES



PATROCINA:



COLABORAN:



PREBREAFIG


Xa estamos ás portas de arrancar outra tempada máis da **Liga Galega de Raid de Orientación**. Nesta ocasión, a localidade que nos abre as súas portas é Ribadeo, onde esperamos que disfrutedes dun entorno único, onde non se fixera unha proba deste estilo ata agora. Dende os Clubs **Fluvial de Lugo** e **Aromon de Pontevedra** queremos darvos as grazas por animarvos a participar e dar as grazas tamén ao Concello de Ribadeo pola súa acollida.

Con este pequeno documento, queremos dar un pouco máis de información técnica que cremos relevante para vós.

Para os equipos que solicitastes **CHAN DURO: IMPORTANTE**. Ubicarédesvos na sale de artes marciais do pavillón. **NON** podedes estar calzados nin con obxectos punzantes, nin mochilas, encima do tatami. O tatami é **SÓ PARA DURMIR**. Por favor, pedímosvos o máximo respecto pola instalación.

Como xa sabedes, as categorías 3.0 e 2+1 teñen un tempo máximo de 9h e a categoría Orientaraid de 6h. A **categoría 3.0 NON pode recibir asistencia**, polo que deberedes portear o voso material.

Durante todo o percorrido o **tráfico vai estar aberto**, polo que deberedes respectar en todo momento o código de circulación. No percorrido atoparemos unha autovía que non estará marcada como prohibida no mapa, pero obviamente está **TOTALMENTE PROHIBIDO** transitar por ela (haberá pasos subterráneos ou elevados para poder atravesala, debidamente indicados no mapa). Cruzaranse tamén dúas estradas nacionais polos **pasos obrigatorios** que aparecerán sinalados o mapa, transitar por estas estradas ou cruzalas por lugares diferentes aos indicados estará tamén **TOTALMENTE PROHIBIDO**. As estradas prohibidas estarán marcadas con **liña maxenta** como reflicte a seguinte imaxe:




No seguinte enlace, deixámosvos as **localizacións** máis importantes a ter en conta (transicións, secretaría, parking, chan duro, duchas...):



Ás **9:30** daremos a **saída das categorías 3.0 e 2+1**. Os mapas da S1 daranse xusto na saída. O resto dos mapas atoparédelos **ao acabar a S1** na zona de transición, numerados co voso dorsal. Deberedes coller **SOAMENTE** os que teñan o voso dorsal escrito, tede coidado de NON coller os doutros equipos.

Ás **10:30** daremos a saída da **categoría Orientaraid**. Os mapas de S1 daranse xusto na saída. O resto dos mapas atoparédelos ao acabar a S1 na zona de transición, numerados co voso dorsal. Deberedes coller **SOAMENTE** os que teñan o voso dorsal escrito, tede coidado de NON coller os doutros equipos.

Debido ás condicións meteorolóxicas previstas para o sábado, a **CHAQUETA CORTAVENTOS E IMPERMEABLE** formará parte do **MATERIAL OBRIGATORIO INDIVIDUAL**. Por tanto, cada integrante do equipo debe levar a súa propia chaqueta durante **TODA** a proba (posta ou na mochila).



Previsión meteorolóxica para o sábado

S1- OPé. (Score).

Trátase dunha sección con mapa específico de Opé en formato score.

No percorrido hai zonas que **esvaran** moito, ide con coidado.

O **tráfico estará aberto** polo que vos pedimos que extremedes as precaucións cos coches e cos viandantes, xa que imos transitar por moitas zonas peonís.

Na zona da transición (T1) hai **fonte** para coller auga se o precisades.

Ao acabar esta sección, deberedes recoller o voso xogo de **mapas** (numerado co **VOSO** dorsal).

S2- BTT. (Lineal).

Os mapas das bicis fixéronse a partir de **Mapant**, actualizando as ciclabilidades das pistas e camiños segundo a normativa de MTBO. Tamén actualizamos a vexetación.

Sección moi rápida que nos levará ata a T2. Moito ollo á saída da vila, xa que o tráfico estará aberto.

Teredes algunha **estrada prohibida** e algún **paso obrigatorio**. Moito ollo ao cruzalas.

Tede tamén moito ollo nas **baixadas**, pois algunha está moi rota.

S3- Trekking + Coastering + Cova + Labirinto + Tiro con Arco. (Lineal)


Na zona de transición teredes auga nunha **fonte** pública. Enfronte da transición está ubicado o [Restaurante Porto de Rinlo](#), o cal estará aberto para quen o desexe.

Nesta sección cruzaredes a nacional en dúas ocasións. A nacional está **prohibida**, só se pode cruzar polos **PASOS HABILITADOS**.

Para esta sección usamos mapas con base **Mapant**, cos camiños e a vexetación revisados. Tamén actualizamos bastante a parte da costa.

En todo momento respectaremos as propiedades privadas e as zonas de cultivo. Algunhas están marcadas como prohibidas.

Para poder realizar a segunda parte da sección deixámosvos a [táboa de mareas](#). Consideramos que pode ser de moita utilidade. Na zona de costa, as **zonas intermareais** están pintadas como áreas inundables (raiado azul). Durante todo o tramo de costa existen varias opcións de ruta. Estade atent@s ao estado do mar para elixir a mellor. A **baixamar** será ás 14:21h e a altura da marea de -1.0m, polo que debes ter en conta que a vosa elección de ruta no coastering pode variar dependendo da hora á que iniciades a sección e tamén segundo o estado do mar (o trazado está pensado para que esta sección lles coincida coa hora da baixamar á maioría dos equipos). Adiantámosvos que vos podedes mollar.



Actualmente a previsión meteorolóxica no mar e bastante mala, con ondas de ata 4m e rachas de vento bastante fortes. Vos pedimos que **EXTREMEDES AS PRECAUCIÓNS NA ZONA DE COSTA**, e non arrisqueades o mais mínimo.

Actualizado: 29.2. 10:34 CET	T 2. 03h	T 2. 05h	T 2. 07h	T 2. 09h	T 2. 11h	T 2. 13h	T 2. 15h	T 2. 17h	T 2. 19h	T 2. 21h
Velocidad viento (nudos)	13	13	12	11	11	14	13	12	12	10
Ráfagas (nudos)	28	28	24	24	22	24	23	22	22	19
Dirección viento (→)	→	→	↗	→	→	→	→	→	→	→
ola (m)	4.2	4.2	4.1	4.2	4.1	4.3	4.2	4	3.9	3.7
Período olas (seg.)	15	15	14	14	14	14	14	13	13	13
Dirección olas (→)	↘	↘	↘	↘	↘	↘	↘	↘	↘	↘
*Temperatura (°C)	10	10	9	9	9	9	9	9	9	8
Nubosidad (%)	100	53	39							
alta / media / baja	100	99	99	100	76	52	59	74	74	100
*Precipicio. (mm/1h)	1.2	1.7	1.8	1.9	1.5	2	0,9	0,5	0,5	0,5

A **cova** é moi sinxela, no mapa aparece debuxada e tamén aparece debuxada a súa entrada. Lembrade de levar o frontal. Segundo o estado do mar pode que haxa modificacións pola vosa seguridade (neste caso, será debidamente indicado polo persoal da organización).

Cando chegedes ao **labirinto** darásevos un mapa do propio labirinto. Este mapa deberedes **devolveo ao saír**. Nel teredes **4 balizas** que tedes que coller en orde **lineal**. Nalgún corredor ides ver valados cortando o paso, **NON** se poden saltar (no mapa aparecen debuxados como un seto). Está **TOTALMENTE PROHIBIDO** atravesar os setos transversalmente. Deberedes completar o percorrido empregando os corredores. Se vemos algún equipo atravesar os setos, será **descalificado de inmediato**.

Despois de completar o labirinto, pasaremos á proba de **tiro con arco**. Farase nas mesmas instalacións. Se se alcanza a puntuación requerida, picarase a baliza. De non ser así, haberá unha **baliza de penalización**.

S4- BTT. (Lineal)

Sección de bici **longa e dura**, sobre todo ao principio. Iso si, ¡non deixedes de desfrutar das vistas!

Cuidado coas **baixadas** e coas **estradas prohibidas**. Moito ollo ao cruzalas polos **PASOS OBRIGATORIOS**.

Para chegar á baliza 5 desta sección, deberedes circular un tramo curto por unha **estrada nacional**. Moita precaución. Para acceder ao camiño que nos leva a baliza 5 deberedes saltar un quitamedos.

No último tramo da sección circularémos por un camiño moi frecuentado polos veciños de Ribadeo. Respectaremos en todo momento ás persoas que paseen pola zona e extremaremos as precaucións.



O **rapel** farao soamente **UN MEMBRO DO EQUIPO**, e a baliza só a picará o integrante que rapele. Antes de rapelar, o persoal da organización alí presente revisará o voso equipo e os coñecementos de manexo del. Deberedes ser autosuficientes no montaxe do voso equipo persoal. No caso de que o persoal considere que non dominades a técnica ou que o voso equipo non é apto, **NON** poderedes baixar, coa consecuente perda de ditos puntos.

Moito ollo á entrada da vila e á chegada a meta para evitar accidentes, xa que o tráfico está aberto e o centro da vila é peonil e os sábados pola tarde soe haber moita xente paseando polo centro.

Entrega de premios e pincho final.

A entrega de premios e o pincho final farase no pavillón do [CEIP Gregorio Sanz](#).

Durante a entrega de premios daranse tamén os trofeos da pasada **Liga Galega de Raid de Orientación 2023** (podedes consultar o ranking 2023 [aquí](#)).

Xusto o rematar a entrega de trofeos haberá varios sorteos entre os inscritos alí presentes con cousas moi interesantes. ¡Non o perdades!

Pedímosvos que traiades os vosos propios vasos para o pincho final, para intentar reducir o máximo posible os desperdicios producidos entre tod@s e axudar un pouquiño a reducir o noso impacto no medio.

Esperamos que disfrutedes da proba!



ORGANIZA, PATROCINA E COLABORAN

ORGANIZA



PATROCINA



COLABORAN

